

Solicitante	Programa	Concedido
Cruz Roja Española Galicia	Educación familiar e acompañamento socio-laboral poboación xitana Maceda	6.000 €
	Proxecto de Intervención Sociolaboral no poboado das Lamas	13.000 €
	Proxecto de obradoiros de inserción sociolaboral para mulleres inmigrantes na comarca de Valdeorras	6.000 €
ASPANAS	Formación laboral específica	19.500 €
Asociación Porta Nova (AFAES)	Curso de formación para o taller de lavandería do C. O. Porta Nova	8.000 €
Centro Sociocultural, artístico e Recreativo Valladares	Curso de axudante de cociña (proxecto formación para a inserción laboral)	10.500 €
CIMO, Entidad Prestadora de Servicios	Proxecto INTEGRA-T: curso habilidades para o traballo doméstico	12.000 €
Asociación Pro Salud Mental A Creba	Formación en xestión de residuos Barbanza	11.500 €
AICOS-Asociación Inmigrantes Comarca Sarria	Curso de hostalaría	11.000 €
Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela	Proxecto Rocha	14.500 €
	Por un Traballo Digno III	7.000 €

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 3 de novembro de 2009, da Dirección Xeral de Producción Agropecuaria, pola que se amplía a dotación orzamentaria da Orde do 11 de decembro de 2008, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas á realización de probas para determinar a calidade xenética, o rendemento do gando vacún leiteiro e a realización de técnicas ou prácticas innovadoras no ámbito de cría de animais da raza de gando vacún frisón, e se convocan para o ano 2009.

Orde do 11 de decembro de 2008 (*Diario Oficial de Galicia* nº 244 do mércores, 17 de decembro), pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas á realización de probas para determinar a calidade xenética, o rendemento do gando vacún leiteiro e a realización de técnicas ou prácticas innovadoras no ámbito de cría de animais da raza de gando vacún frisón, e se convocan para o ano 2009.

No seu artigo 17 precísanse as aplicacións orzamentarias e o importe económico previsto para o financiamento das ditas axudas, e así mesmo que os importes dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia cos que se financiarán estas axudas se poderán incrementar con fondos comunitarios, estatais ou autonómicos achegados para o efecto.

Co obxecto de poder amparar todas as solicitudes nas distintas liñas de axuda establecidas, e posto que a dotación inicial resulta insuficiente, aprobáronse os correspondentes expedientes de xeración e ampliación de crédito, polo que cómpre, mediante esta orde, ampliar a dotación orzamentaria consignada inicialmente para a concesión das mencionadas axudas.

En consecuencia, de acordo co previsto no artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no

uso das facultades que me confiren os artigos 14 e 31.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo único.

1. Ampliase a dotación orzamentaria que se establece na Orde do 11 de decembro de 2008 (*Diario Oficial de Galicia* nº 244 do mércores, 17 de decembro), pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas á realización de probas para determinar a calidade xenética, o rendemento do gando vacún leiteiro e á realización de técnicas ou prácticas innovadoras no ámbito de cría de animais da raza de gando vacún frisón, e se convocan para o ano 2009.

2. O incremento da dotación será de 542.365 euros para a realización de probas para a o rendemento no gando vacún con cargo á aplicación 49.02.713-C.770.5 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

3. En todo caso, a concesión das axudas reguladas na dita orde estará limitada ás disponibilidades orzamentarias.

Disposición adicional

Única.-A ampliación de crédito prevista no artigo único desta orde non afecta ao prazo de presentación de solicitudes establecido na devandita Orde do 11 de decembro de 2008.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2009.

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural

CONSELLERÍA DO MAR

Resolución do 19 de outubro de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería do Mar, pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta consellería no segundo cuadrimestre do ano 2009.

O artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega (DOG nº 136, do 14 de xuño) impón a cada consellería da Xunta de Galicia a obriga de publicar no *Diario Oficial de Galicia* unha relación dos convenios de colaboración subscritos no cuadrimestre anterior.